



Revista Galega do Ensino



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas	Formación	Opinión	Innovación	Entrevista	Experiencias	Investigación	A nosa escola
-------------	-----------	---------	------------	------------	--------------	---------------	---------------

[Inicio](#) » [Recendo de biblioteca](#) » Recendo de biblioteca

Recendo de biblioteca

Un proxecto do CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño - Pontevedra)

Aurora Ramilo Alfaya
Responsable da biblioteca
ramiloalfaya@edu.xunta.es

Un día calquera, nove e media da mañá. A profesora de Música fai soar a canción ou melodía seleccionada para as entradas e saídas en función do tema que andemos a traballar. Vemos entrar algunha mochila viaxeira que regresa, algunha bolsa de "libros que van e veñen" e ata algunha bolsa de plástico case tan grande coma o seu portador, pois o libro non cabía noutro lado. Imos entrando nas aulas, deixamos os abrigos e as mochilas e tamén, pouco a pouco, as conversas matinais, para dar paso á rutina de lectura individual e silenciosa, no que cadaquén queira, tamén no ordenador. Tras quince minutos, comezan as tarefas cotiás; en todas as aulas, un recuncho con retallos da biblioteca, onde temos as lecturas que nos interesan ou que necesitamos para investigar.

Ao longo da mañá varios grupos acoden á biblioteca, nas horas de que dispoñen dentro do horario: para renovar os libros da aula, para renovar a mochila viaxeira, para buscar información e realizar tarefas, para elixir, buscar, comentar, contar ou escoitar. Entrando, á esquerda, unha exposición temática súxírenos algún materiais.

Chegada a hora do recreo, o alumnado de sexto consulta o taboleiro da entrada da biblioteca para ver de quen é hoxe a quenda de axudar: uns no ordenador, atendendo os préstamos; outros atendendo a sala, sobre todo axudando os pequenos e pequenas a desenvólense nas buscas e, finalmente, colocando as devolucions nos andeis.

Na entrada do colexio están expostos os últimos traballos de composición escrita que fixemos todos e todas; o recreo é un bo momento para botarlles unha ollada ao pasar.

Á saída, algunha mochila vai para casa, algunha bolsa tamén, ás veces un folleto da biblioteca, un marcapáxinas conmemorativo...

O PROXECTO

A biblioteca escolar foi unha prioridade no noso centro desde os seus comezos: nomeouse un mestre coordinador, programáronse tempos e espazos para o seu uso, actualizáronse fondos, creáronse bibliotecas de aula... Lembramos a nosa participación en campañas de fomento da lectura das distintas administracións, traballos de investigación, exposicións e actividades diversas arredor da lectura.

No curso 2007-2008, o colexio entra a formar parte do Plan de mellora de bibliotecas escolares da Consellería de Educación, feito que supuxo unha contribución económica importante, formación para o profesorado responsable e moita información. Introducimos cambios relevantes, como o catálogo en liña, equipos informáticos para o alumnado e a centralización de todos os recursos na biblioteca. Pero o cambio substancial prodúcese no propio concepto de biblioteca, moito máis amplo agora na denominada sociedade da información e na metodoloxía de traballo baseada nas competencias curriculares.

SUBIR



Deseñamos o Proxecto lector de centro cos seguintes obxectivos prioritarios:

Facer da lectura un hábito cotián.

Proporcionarlle ao noso alumnado oportunidades, recursos e estratexias para interpretar todo tipo de textos, recoñecendo as súas características e funcionalidade.

Deseñar actividades que impliquen a produción de textos e a comunicación de contidos en distintos formatos, incluíndo o uso das novas tecnoloxías.

Ofrecer documentos actualizados, que cubran as necesidades de todas as materias e niveis, en distintos soportes: libros, revistas, xornais, folletos, mapas, láminas, CD, DVD, audio... e recursos en liña.

Facilitar o coñecemento da biblioteca para que o alumnado se desenvolva con autonomía.

Abrir a biblioteca fóra de horario escolar a toda a comunidade educativa e promover a participación das familias nas actividades culturais e no fomento da lectura.

Facer visible a biblioteca a través de taboleiros informativos, boletíns trimestrais, revista escolar e blog.

DESENVOLVEMENTO

As propostas de traballo para todo o centro parten da programación conxunta dos equipos, coordinados pola xefatura de estudos: propostas en relación con lectura, composición de textos, tratamento da información e exposición oral, que denominamos "obradoiros" polo seu carácter fundamentalmente práctico, tamén enmarcadas, no momento actual, dentro dun programa contrato coa Consellería de Educación. Lévanse a cabo nas horas de biblioteca correspondentes a cada grupo e co profesorado titor. Exemplos destas propostas serían obradoiros de *cómic*, de *noticias*, de contos, de poesías... e proxectos documentais como *Unha viaxe virtual*, *A vide e o viño*, *A lamprea, preto de nós*, *Achegándonos á olería*... cada unha delas coa temporización dun trimestre. As producións do alumnado recóllense nunha sección na biblioteca, na páxina [Da nosa autoría](#) e nos blogs, de maneira que poden ser lidas e revividas en calquera ocasión.



A biblioteca ofrece recursos, propios e alleos, para **formación de usuarios** e **orientacións** para o desenvolvemento das tarefas.

Cada ciclo programa as súas propias propostas de traballos documentais, utilizando os recursos da biblioteca; os libros de texto son un recurso máis, pero non exclusivo.

O alumnado de cada grupo de primaria merca un libro de lectura como material curricular, seleccionado polo profesorado, para ler en grupo e traballar na aula arredor da súa temática. Ás veces teñen a oportunidade de gozar da **visita do autor**. A biblioteca dispón de lotes de libros para a mesma actividade ou utiliza o préstamo interbibliotecario con outros centros da zona.



Desde a biblioteca organizanse actividades de fomento da lectura, como *Hoxe contamos...*, *Falamos de lecturas*, *Lecturas compartidas* ou *Alimenta as túas vacacións*. As familias colaboran realizando actividades de contacontos para os máis pequenos e participando nas propostas da escola.

As *Mochilas Viaxeiras*, coa colaboración das familias, e a *Hora de Ler*, na escola, son actividades encamiñadas a relacionarse cos libros de forma lúdica e libre, co obxectivo de crear rutinas e hábitos de lectura.

Edítanse *boletíns trimestrais*, con información e novidades, e guías de lectura.

Elabóranse dous números anuais da *revista escolar Agromar*, coordinada polo Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística, nos que se publican traballos do alumnado.

Tamén fomentamos a expresión oral a través de programas de radio escolar, de emisión interna.

METODOLOXÍA

SUBIR

Para comprender un texto é imprescindible coñecer as súas características e a súa funcionalidade. Utilizamos a produción de textos porque é unha tarefa completa, na que o alumnado se relaciona directamente co esquema textual para construílo, aprendendo no proceso de redacción, de revisión, de comunicación aos demais e de avaliación. "Producción e interpretación son dos caras de la misma moneda: es imposible concebir la una sin la otra. Pero la producción tiene la ventaja de tener el centro en el niño y de exigirle una actividad más patente" (Suárez, 2000, p. 113).

Por outra parte, tratamos de lle ofrecer ao alumnado estratexias para comprender: **antes de ler**, activar ideas previas e predicións; **durante a lectura**, extraer significados polo contexto e consultar dicionarios; **despois de ler**, resumos, ideas principais, esquemas e preguntas (Solé, 2009).



O alumnado traballa moitas veces en equipo, atendendo así á diversidade e facilitando que todos e todas acheguen algo e avancen nas súas competencias, con confianza nas súas posibilidades. A colaboración do alumnado de sexto nas tarefas de préstamos do recreo e na organización da biblioteca tamén é unha excelente forma de atender a diversidade e a aprendizaxe entre iguais.

Tratamos de que as propostas de traballo sexan significativas, de que atopen nelas unha finalidade clara: leo e escribo para informarme, para gozar, para lles poder contar cousas aos demais, para colaborar nun proxecto común...

UN EXEMPLO: A LAMPREA, PRETO DE NÓS

Partindo dunha realidade próxima, nesta zona na que a pesca da lamprea é moi coñecida, programamos un proxecto de investigación para facer un ciclo de conferencias. Cada ciclo responsabilizouse dunha temática: estudo do animal, estudo doutros habitantes do Miño e da vexetación de ribeira, gastronomía e artes de pesca.

O proceso consiste en buscar libros e recursos na rede, contar coas achegas das familias, lectura de textos e selección da información, ver vídeos, debates, visita dun experto, toma de notas, esquemas, glosarios, redacción en papel, redacción na web, preparación da presentación, exposición en paneis e conferencias.

Durante a realización desta actividade, recolleemos o proceso nunha [páxina web](#), de forma colaborativa.



VALORACIÓN

Traballar na Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia colaborativamente supón un valor moi estimable, pola información actualizada e constante e por poder compartir e utilizar os recursos de todas as bibliotecas, optimizando e enriquecendo o traballo de cada unha.

A nosa comunidade educativa dispón dunha biblioteca actualizada, de todos e para todos, que facilita o acceso á cultura en igualdade de oportunidades: "Todos los usos de la palabra para todos me parece un lema bueno y con agradable sonido democrático. No para que todos sean artistas, sino para que nadie sea esclavo" (Rodari, 1998, p. 12).

Bibliografía:

RODARI, G. (1998) *Gramática de la fantasía. Introducción al arte de inventar historias*. Barcelona: Ediciones del Bronce (4.ª edición).

SOLÉ, I. (2009) *Estrategias de lectura*. Barcelona: ICE da Universidade de Barcelona/ Graó (21.ª edición).

SUÁREZ YÁÑEZ, A. (2000) *Iniciación escolar a la escritura y la lectura. Diseño de programas adaptados a la diversidad*. Madrid: Pirámide.

IMPRIMIR

RECOMENDAR

Ligazóns relacionadas



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendémolo/a | RSS



SUBIR